

ÁMBITO	
Localidade	Concello de Nigrán.
Comarca	Val Miñor (BNG Comarca de Vigo).
Lugar de realización	Centro Social da Terceira Idade da Ramallosa (Nigrán).

ÁSISTENCIA	
Nº Asistentes (no momento de maior participación)	10
Nº de non militantes asistentes	2
Nº de militantes convocad@s	Toda a militancia da localidade.
Notas complementarias	<p>--Número de asistentes: 10 (8 militantes, 1 simpatizante, 1 non militante recen saído da organización despois da última Asemblea Nacional); (7 homes, 3 mulleres).</p> <p>--Militancia e rede de simpatizantes foron convocados por medio de correo electrónico do grupo e do grupo de whatsapp do BNG de Nigrán.</p> <p>--No marco da reunión deuse lectura tamén a aportación dunha militante que non podía asistir á asemblea pero desexaba contribuir a esta fase do proceso.</p>

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA	
<i>Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso</i>	
A nivel local	Adrián Rei. Responsable Local BNG de Nigrán.
Representante do Consello Nacional	Xosé Marcote.

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON	
Duración aproximada da reunión	3 horas.
Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)	Clásica. Consistiu nunha mesa redonda con intervención secuencial da totalidade dos/das participantes e momentos intercalados de diálogo.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANSCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

--A asemblea aberta transcurriu con absoluta normalidade e nun clima moi cordial. O obxectivo do encontro estivo ben centrado desde o comezo, o que permitiu un desenvolvemento fluído da sesión. Todas as persoas que interviron cooperaron, aportando cun senso crítico e constructivo, elementos de reflexión ao debate que actualmente centra o proceso Adiante.

--Non se contrastou ao final da reunión a opinión final d@s participantes sobre a marcha e o resultado da asemblea.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posibles):

--Nota: a acta da asemblea aberta de Nigrán que se transcribe neste documento recolle o conxunto de reflexións e propostas volcadas pol@s participantes na reunión, polo que poden aparecer propostas que semellen contradictorias entre sí (pois poden corresponder a aportacións de persoas diferentes que discrepan).

--Trátase de evitar un nivel de síntese na acta que poña en risco o correcto entendemento das aportacións realizadas, ficando un documento extenso, no que reflexións e propostas explícitas e implícitas están inseridas e entrecruzadas no mesmo documento.

REFLEXIÓNS E PROPOSTAS RECOLLIDAS NA SESIÓN

ACTA DA PRIMEIRA ASEMBLEA ABERTA “PROCESO ADIANTE” DE NIGRÁN NIGRÁN. 29 DE ABRIL DE 2016.

a) **Propostas ou reflexións referidas ao propio proceso Adiante:**

--Hai quen non entende ben que se quere dicir coa palabra “refundación”. Trátase de crear algo novo sen alterar a sustancia do xa existente ou se trata de abrir un proceso que mesmo rebasa os límites da organización?. Espérase que este proceso non defraude e sirva para facilitar a reconstrución ou a refundación da unidade nacionalista hoxe perdida.

--Hai quen valora que o termo “proxecto nacionalista” é confuso. Pode ser que se entenda como sinónimo de BNG ou que se entenda como outro proxecto, resultado dun proceso de reunificación progresiva do nacionalismo baixo as siglas do BNG ou nunha nova formulación do tipo que sexa. Neste ámbito, hai quen bota en falta que se presente como elemento fundamental do proceso unha reflexión en profundidade sobre cal pode ser o papel do BNG nunha posible unidade de forzas nacionalistas para o futuro.

--Hai quen considera que se debe evitar caer en metodoloxías de traballo que se limiten a empregar as formas habituais para relatar os asuntos que afectan ao BNG e ao proxecto nacionalista. Hai quen considera que sería moi positivo empregar metodoloxías que poden ser novidasas para nós pero que poden dar mellores resultados (cuestionarios orientados a determinados perfís de persoa, sistemas para a análise de problemas, elaboración de diagnósticos complexos...). Sería

PROPOSTAS PARA O DEBATE

aconsellable facer un traballo de captación de información dirixido aos colectivos da xente máis nova, pois van conformar as futuras xerazóns de electores. Hai quen propón botar man tamén da imaxinación para non andar sempre sobre o mesmo e que acaben saíndo as mesmas reflexións e ideas de sempre.

--Hai quen considera que se queremos abrir o proceso a toda a sociedade, débense artellar ferramentas TIC axeitadas aos usos da nosa mocidade (foros, facebook, twitter...) que abran a posibilidade á xente de expresar libremente e mesmo anónimamente opinións. Algunhas ferramentas permitirían tamén facer un seguemento ao día dos debates e mesmo coñecer os avances por zonas xeográficas.

--Hai quen considera que como o BNG xa aprobou hai dous meses os documentos políticos da Asemblea Nacional, tal vez sería posible aforrarse unha análise dos problemas de Galiza ou outros aspectos de análise da situación, se ao final se vai acabar dicindo o mesmo que daquela.

a) Propostas ou reflexións referidas aos apartados “Radiografía da Galiza de hoxe” “Estratexia política do nacionalismo galego” e “Participación política e modelo organizativo”

--Hai quen fai referencia á importancia de conservar as siglas do BNG en candidaturas a futuras eleccións, tendo en conta que nos malos resultados de Nós-Candidatura Galega tamén puido ter que ver o escaso tempo de asentamento da marca e o feito de que os electores non atoparan unha papeleta do BNG, marca que si é coñecida por tod@s.

--Hai quen considera que fai falta máis achegamento á xente e apostar pola mocidade. Hai que traballar moito máis o ámbito da mocidade, estar con ela a pe de rúa e fomentar a presenza de Galiza Nova nas localidades.

--Hai quen considera que unha forma axeitada de ter maior incidencia social pode ser realizar eventos de interese social, cultural, deportivo ou recreativo (por exemplo actividades ciclistas), que moitas veces non teñen que ter un carácter político moi marcado pero poden contribuir a tecer redes de simpatía e de información arredor do BNG. Hai quen pon como exemplo de eventos menos políticos o Festigal e unha boa parte dos seus actos.

--Hai quen considera que hai que actuar nun momento difícil, sabedor@s do desprestixio da política e da percepción da cidadanía neste aspecto.

--Hai quen manifesta o seu interese por analizar como se está actualmente achegando a organización aos centros de traballo, aos traballadores das empresas, e que se podería facer neste ámbito. Neste senso, ponse de manifesto a forte presión que están a recibir @s traballador@s nas empresas e a situación de coacción crecente na que viven.

--Hai quen suliña a importancia de entender os fortes cambios operados na sociedade e como se vai progresivamente deixando a un lado a dialéctica do nacionalismo para asumir outro tipo de linguaxe ou expresión política. É preciso neste ámbito construír unha nova pedagogía para facer posible que a mensaxe nacionalista poida chegar á xente.

--Hai quen destaca o moi escaso poder de convocatoria que actualmente ten o BNG e manifesta a súa preocupación pola idea dun BNG que a cidadanía pode percibir como xa amortizado e instrumento do pasado.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

--Hai quen pensa que o bloque precisa dun liderazgo forte, dunha persoa que encabece a formación e consiga atraer a atención e a simpatía que noutros momentos colleitamos. Neste senso hai quen considera que os medios de comunicación pouco contribúen a reforzar a imaxe do BNG.

--Hai quen opina que o cambio xeracional operado desde os tempos da creación do BNG xustifica os novos valores, necesidades e intereses que ten a xente máis nova, e que moitas veces viviu máis confortablemente que as xerazóns anteriores. Neste senso, a pregunta que debemos responder sería qué ofrece hoxe o BNG a esta xente?

--Hai quen considera que a vía clave para resolver os problemas da organización é chegar ao poder. Do contrario, perdendo espazo de presenza institucional podemos chegar a desaparecer.

--Hai quen pon de manifesto que é moi importante o reagrupamento nacionalista, pero poñendo ao fronte do proceso a xente sen historia, xa que pesan moito en moitas persoas os vellos conflitos, que os incapacitan para xerar un novo proxecto que mire ao futuro.

--Hai quen manifesta que á xente hai que convencela, centrando as mensaxes en materia de economía e benestar social.

--Hai quen fai referencia ao papel da CIG na asunción por parte da súa afiliación de postulados nacionalistas, xa que preocupa que moitas das súas persoas afiliadas, despois no campo político e electoral non apoiem o proxecto nacionalista. Hai quen considera que é necesario unha separación clara entre o papel da CIG e do BNG.

--Hai quen opina que a conciencia nacionalista debe promoverse en todos os campos e por suposto reviste gran importancia o compromiso para dinamizar actividades dirixidas aos nosos pequenos (por exemplo teatro).

--Hai quen opina que a forza institucional do BNG nalgúns localidades responde máis a liderazgos e o bo traballo dalgúns grupos municipais que a unha concienciación nacionalista do corpo electoral.

--Hai quen opina que temos perdido moito apoio nas localidades, con moita xente nacionalista ou de esquerdas que agora mira para outras alternativas.

--Hai quen opina que debemos ser máis intelixentes priorizando o esforzo de traballo político que facemos, tendo en conta que moitas veces o BNG é a única forza que bota unha man nos conflitos da xente e despois non recibe o seu apoio electoral.

--Hai quen pon de relevo a dificultade do nacionalismo para facerse entender entre a xente. Segue habendo moito descoñecemento sobre o nacionalismo e moitos prexuízos na xente.

--Hai quen manifesta unha seria preocupación polas crises locais máis recentes que se están a vivir na organización, tendo en conta a importancia de soster un proxecto nacionalista forte para este país.

--Hai quen manifesta que é preciso perder os egos e falar coa xente que marchou, sabendo que será complicado pero é preciso. A xente que marchou é nacionalista coma nós.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

--Hai quen manifesta que a xente procura que haxa unidade para poder acadar o poder, e por eso hoxe buscan outras alternativas, como as mareas.

--Hai quen destaca que ter en conta como nos percibe a xente é moi importante para nós, e sinala que moita xente hoxe nos percibe como un fósil.

--Hai quen sinala que unha das fortalezas do Bloque é a súa militancia e os cadros cos que conta.

--Hai quen sinala que o BNG deixou de ser un referente en cuestión sociais. A xente ve ao BNG hoxe máis centrada na defensa da soberanía. Isto pode explicar a falta de incidencia na mocidade.

--Hai quen sinala que o BNG se comporta como unha forza moi conservadora, ao non arriscar. Así o amosou xa nas pasadas eleccións municipais ao non participar de procesos de confluencia a nivel local.

--Hai quen manifesta que os pasos dados polo BNG en materia de confluencias, dificulta hoxe moito máis poder contar cun espazo de encontro con outras forzas. Agora hai xente que non quere confluír ou acordar co BNG.

--Hai quen fai fincapé na problemática aguda da nosa mocidade, manifestando que é preciso entender os seus problemas e as súas circunstancias.

--Hai quen considera que na pasada Asemblea Nacional quedou de manifesto que non se quere cambiar.

--Hai quen manifesta que o ideario nacionalista ten hoxe pleno sentido e que as posicións do BNG diante das eleccións xerais pasadas e das confluencias deu a razón aos que vían a preponderancia de PODEMOS en En Marea e o risco de que Galiza perdera voz propia no Parlamento español.

--Hai quen manifesta que aínda que poidamos manter unha liña correcta, o problema é de conexión coa sociedade.

--Hai quen manifesta que unha vía de saída para recuperar posición social ante a nosa cidadanía é traballar máis e, sobre todo, non descoidar o traballo institucional, porque a xente cada vez máis reclama solucións concretas aos problemas e menos discurso e ideoloxía. Neste senso, pénsase que acadaremos máis apoio cando levemos a cabo accións que contribúan a resolver os problemas da xente, desde os gobernos pero tamén desde as oposicións. Neste mesmo senso, maniféstase que non é incompatible encerrarse nos despachos e estar na rúa. As dúas cousas son necesarias e útiles cando se fan ben.

--Hai quen considera que hoxe case é máis doado ensanchar a base da organización atraendo polo noso traballo a xente antes non vinculada co nacionalismo que a xente que tomou a decisión de marchar da organización nalgún momento.

--Hai quen manifesta que se a CIG chegou a ser maioritaria no ámbito sindical, non foi pola ideoloxía política diversa da súa afiliación, senón por terse amosado como unha ferramenta útil para moit@s traballador@s, resolvendo os seus problemas e defendendo os seus intereses.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

--Hai quen manifesta que é moi importante estar nos movementos sociais para aportar, máis que para dirixir.

--Hai quen sinala que os movementos sociais son importantes no traballo nacionalista pero resulta fundamental estar tamén nas institucións.

--Hai quen destaca a pouca repercusión do traballo do Bloque e das súas ideas e propostas, a pesar do esforzo da organización para contribuir en beneficio da xente. Moitas veces non chega á cidadanía o esforzo que se está facendo.

--Hai quen considera que no momento actual a sociedade ten caído no posible erro de pensar que “todo o novo é mellor”. Neste senso, manifestase a preocupación por sectores da cidadanía que posiblemente non saben moi ben o que votan.

--Hai quen pon de manifesto que a situación política dos últimos anos, co auxe de PODEMOS, hai que interpretala desde o coñecemento do apoio prestado polos medios e certos poderes a esta formación, así como a CIUDANOS.

--Hai quen sinala que posiblemente o perfil político do BNG, tan marcadamente centrado no soberanismo, puido influir nos resultados electorais recentes. É importante que chegue á sociedade a idea de que, aínda non sendo nacionalista, apoiar ao BNG é unha posición útil na defensa dos intereses da xente común.

--Hai quen manifesta que é preciso conseguir un BNG que actúe cun sentido máis práctico e cunha estratexia de comunicación axeitada.

--Considérase que o BNG é a forza maioritaria e máis forte do nacionalismo galego galego na actualidade. Máis tamén se considera que o nacionalismo hoxe está dividido e en conxunto o nacionalismo ten perdido presenza social e a hexemonía que veu mantendo durante moitos anos como alternativa electoral ao bipartidismo PP-PSOE.

--Hai quen constata que o BNG parece interesado en levar a cabo un proceso de acumulación de forza (por achegamento de xente non militante e mesmo de xente doutras forzas) ao tempo que, na realidade dos últimos anos, o que se está a vivir na organización é a perda de militantes, de capacidade de incidencia e de respaldo electoral.

--Hai quen propón que a organización se preocupe moi en serio sobre o que levou e leva a algunha xente a marchar do BNG, para tratar de evitar que isto siga acontecendo.

--Hai quen opina que o BNG é hoxe unha organización cunha media de idade elevada (con perfil de pirámide demográfica invertida). Proponse que esta información estatística se incorpore ás reflexións do proceso porque pode ser importante ser conscientes da función que pode estar xogando a militancia veterana nun tempo que esixe mudanzas e audacia, e que efecto causa na propia percepción do proceso e dos obxectivos que debe perseguir.

--Hai quen opina que o BNG precisa recoñecer canto antes e de verdade que non lle corresponde o único protagonismo no campo do nacionalismo galego. Hai moitos nacionalistas fora do BNG e é preciso entender porque é así e cómo actuar para promover canto antes a unidade de acción e a unidade orgánica. Neste mesmo senso, hai quen opina que tal vez sería preciso aclarar canto antes

PROPOSTAS PARA O DEBATE

que tipo de nacionalistas non queremos no BNG, se fose o caso que a militancia así o considere.

--Hai quen opina que no BNG non sobra nadie.

--Hai quen opina que o BNG debe repensar unha vez máis como poden e deben convivir as súas diferentes almas. Saber por exemplo se se quere definir máis como forza da esquerda ou como forza nacionalista de espectro amplo (unha especie de arco da vella nacional que vaia da dereita á esquerda). Pois que sexa ou non alternativa viable fronte as forzas estatais dependerá tamén disto.

--Hai quen opina que o O BNG debe conservar os principios políticos que lle son propios pero debe acertar a facelos compatibles cunha estratexia de aproximación a amplos sectores da cidadanía que non se definen prioritariamente como nacionalistas pero que desexan contribuir politicamente a cambiar as cousas, moi especialmente nun periodo de excepción como o actual.

--Hai quen opina que hai que saber cales son as cuestións fundamentais que preocupan á cidadanía de Galiza e desenvolver unha axenda política que dea plena resposta a estas necesidades e intereses, facendoo desde os nosos principios pero con toda a xenerosidade e as renuncias que sexan precisas para construír unidade e contribuir aos intereses do pobo.

--Hai quen opina que o BNG pode confluír e debe confluír en procesos de unidade de acción e mesmo en plataformas de unidade sen un medo excesivo, coa confianza que da ser unha forza forte e cunha visión propia, cunha traxectoria da que podemos sentirnos orgullosos e coa fortaleza dos principios do nacionalismo galego de esquerda levantados no século XX.

--Hai quen considera que o BNG ten que entender que o seu éxito electoral pasado veu dado pola imaxe que o pobo se conformou del, como unha forza honrada e sacrificada que estaba ao servizo da masa traballadora e da defensa do país. Pero sobre todo medrou electoralmente polo feito de ser a alternativa viable ao PP e o PSOE e por facer fronte á política da dereita en Galiza (ao cal contribuíu sen dúbida a capacidade dialéctica de Beiras). Sexa como sexa, esta situación mudou e temos que repensar como podemos ser máis útiles neste momento a un cambio necesario do estado de cousas, comezando pola defenestración do PP nas vindeiras autonómicas.

--Hai quen considera que é necesario asumir que as mudanzas sociais foron moi fondas nestes últimos 30 anos e isto se traduce en mudanzas importantes tamén na base electoral. Temos unha cidadanía cun comportamento sociolóxico en clave máis urbana, unha poboación cada vez máis avellentada, unha mocidade case sen saídas de futuro no país, uns sectores productivos en fase avanzada de destrución, unha clase traballadora cada vez máis ameazada polo desemprego e a precariedade, unha sociedade que se sabe cada vez máis hipotecada polo sistema que se está a impor progresivamente pola forza, un país en proceso de desgaleguización e cunha cultura social cada vez máis mestiza e multicultural, unhas leis cada vez máis restrictivas da liberdade e dos dereitos, un estado de benestar que xenera malestar, do que deriva en definitiva un ambiente abafante e vomitivo.

--En relación co indicado anteriormente, hai quen considera que neste contexto o BNG pode e debe seguir sendo bandeira do nacionalismo, da defensa da terra, do pobo e do idioma, pero debe ter moito ollo, porque o BNG posiblemente non se vai poder comunicar ben coa sociedade senón acepta as mudanzas e os cambios de prioridade social e non enfoca a súa estratexia e a súa táctica para introducir a perspectiva nacionalista nos movementos sociais máis heteroxeneos que existen e se constituirán no futuro. Partese da convicción de que os participantes nesta asemblea

PROPOSTAS PARA O DEBATE

compartimos moitas das mensaxes e ideas centrais do BNG pero sabemos que moitas veces caen en saco roto, porque a maioría da xente, por poner algúns exemplos, non cree que sexa urxente a autodeterminación, ou non lle da a importancia que nos lle damos á normalización plena da lingua, etc. Para moitos o urxente é sobrevivir, ter traballo, que os seus fillos poidan ficar na terra, sacar aos antidemocratas e corruptos das institucións, por indicar so algunhas cuestións que están na boca de todos e todas. Sabemos que tamén isto é moi importante para o BNG pero neste campo moita xente non nos ten como referencia principal.

--Hai quen considera que para explicar en parte a situación que vive hoxe o BNG e o debilitamento da posición hexemónica do nacionalismo galego no campo da esquerda, é preciso botar unha mirada crítica ao pasado recente e facerse algunhas preguntas, que poderían ser respondidas no marco deste proceso, co ánimo de que a resposta nos axude a avanzar. Entre estas preguntas están por exemplo, porque a xente do BNG evitou infiltrar o movemento 15M e contribuir a darlle un carácter nacional xenuíno? Porque no seu día fomos capaces de artellar unha plataforma Nunca Máis como espazo de loita e plural, traballando tamén coa esquerda estatal, pero non fomos quen nesta etapa de crise e conflictividade para conformar na Galiza unha plataforma global contra a crise e os seus responsables, unha “marea de mareas”, deixando case todo o protagonismo en mans da necesaria e útil acción sindical ou diluindo os nosos esforzos en mil e unhas pequenas agrupacións de intereses, en relación cos problemas que na sociedade ían xurdindo?

--Hai quen considera que a cidadanía é coñecedora en parte de experiencias anteriores onde se teñen producido confluencias (Nunca Máis é un caso, as mobilizacións contra a guerra, as diferentes mareas contra os recortes, os desmantelamentos e as privatizacións (educación, sanidade pública, servizos sociais), as folgas xerais de traballadores, as unións de afectados, etc. É normal que nestes casos a cidadanía quera ver posicións unitarias ante as necesidades de resistencia que se presentan. Ademais a xente precisa tamén crer que é posible abrir alternativas a todo aquilo que nos queren impor e precisa sentirse forte “sentir que o povo non vai ser vencido”, e tamén crer que “se os traballador@s somos a maioría e a maioría decide”.

--Hai quen considera que PODEMOS medra neste caldo anteriormente referido, e que se debe comprender que esta alternativa política é froito, por unha banda dos acertos dos seus dirixentes e do activismo dos seus afiliados e simpatizantes, dos apoios prestados desde certos medios de difusión e comunicación, pero sobre todo, o éxito de PODEMOS é froito da necesidade que percibe un sector moi importante da cidadanía por conformar un voto alternativo ao tradicional (pode ser un voto de castigo, pode ser sacar ao PP das institucións, pode ser poñer xente nova e sacar aos politiqueros do medio, etc., etc.). Existe na xente unha necesidade compartida e moi sentida de facer algo, de comportarse algo así como antisistemas para que acabe pasando algo, para que mude algo. O BNG e mesmo EU, que neste contexto mantiveron comportamentos propios de organizacións xa moi consolidadas da esquerda “tradicional”, amosaronse como insuficientes para dar resposta a esta necesidade social da xente que se considera de esquerda e anti PP.

--Hai quen sinala que no noso caso, a crise de forza que veu padecendo o BNG xa se estaba deixando notar tempo antes do xurdimento de PODEMOS. O éxito de AGE pón de manifesto o auxe desta corrente social que precisaba renovación do enfoque político fronte ao que ofrecía o BNG. Antes de AGE a propia EU iniciara xa unha andaina de recuperación electoral en Galiza que indicaba mudanzas importantes na percepción do eleitorado de esquerda.

--Hai que opina que resulta evidente que as saídas progresivas e paulatinas de xente que estaba no

PROPOSTAS PARA O DEBATE

BNG para afora da organización fixo tamén un gran dano á hexemonia do nacionalismo como alternativa ao bipartidismo e fronte ao españolismo. O BNG despois da desaparición do bipartito empeñouse en defenestrar a parte dos seus dirixentes e en negar durante certo tempo a contribución do nacionalismo no goberno autónomo, fixemos todo o posible en buscar diferenzas máis que elementos en común, houbo xente que quedou ou saeu por diferenzas políticas manifestas pero outras moitas que quedaron ou marcharon por razóns máis ben anímicas, que ten que ver coa desilusión, co cabreo, coa falta de perspectivas. Ao final os elementos anímicos son básicos e fundamentais para afrontar a loita en calquera ámbito. Sería moi bon prospectar o estado de ánimo da militancia do BNG para actuar en positivo e poder lograr que aumente a moral. Débese evitar en todo caso a autocomplacencia, pois se podería caer nun inmovilismo suicida.

--Hai quen afirma que existe hoxe na sociedade moita xente que non é consecuente, mais isto en realidade sempre foi así, tanto no momento en que moita xente apoiaba ao BNG como cando agora non o fan e apoian outras alternativas. Por iso se propón enfocar as solucións con menos soberbia e egocentrismo e enfrontarnos á situación do proxecto nacionalista con positividade nun contexto de tan dura realidade como o que lle toca vivir a sociedade da que formamos parte.

--Hai quen considera que a repetición das eleccións xerais en xuño van ser unha oportunidade de ouro para refacer o camiño que nos poida levar a obter uns resultados moito mellores e acadar voz para o nacionalismo galego no Parlamento, pois esta sería unha base fundamental para afortalar o proxecto nacionalista.

--Hai quen considera que é necesario reconsiderar a actual conformación frentista do BNG e debater se nos convertimos nun partido político coas súas correntes. Tamén se considera oportuno que se valore a conveniencia de establecer tempos de permanencia máximo nos órganos de dirección nacional (10 anos?, algo menos?).

--Hai quen considera que é fundamental para contribuir ao reforzamento do BNG que nos obriguemos a ser sinceros e respectuosos untre nós, para ben da nosa organización, que non debe ser outra cousa que unha ferramenta útil para a defensa do noso pobo e do noso país. Débese fuxir da idea de que as organizacións son a razón do noso traballo político. Cando unha ferramenta non é útil debe transformarse ou desaparecer e, se chega ese momento, son as persoas que a conformaban as portadoras do ideario e as que teñen a obriga moral de continuar na loita e construír novas ferramentas se así fose preciso.

--Hai quen considera que é necesario analizar a alternativa nacionalista máis alá da propia organización que hoxe é o BNG. Partindo do feito de que hoxe o Bloque xa non é a casa común do nacionalismo, o que nos obriga a relacionarnos en igualdade con outras organizacións políticas nacionalistas. Debemos superar erros e feridas do pasado pois o futuro é o que nos debe unir. Desbotar tamén os personalismos e as teimas enfermizas que subsisten e que por desgraza explican algún episodios vividos. Vexamos o que temos en común cos outros nacionalistas e traballemos con paciencia e con moitísimo respecto para procurar a maior unidade posible no futuro. Pero é fundamental non dar paso ningún no sentido contrario. Nada máis triste e arriscado hai que desandar o camiño de unidade que abrimos en Riazor hai máis de 30 anos. O pobo premiará a conquista da unidade.

--Hai quen considera que este é tamén un tempo para facer organización. Proponse reforzar o Bloque desde dentro. Manter un Bloque activo e combativo. Ser unha organización asamblearia, plural, aberta e participativa, Poñer en valor a nosa experiencia, os nosos sacrificios e todas as

PROPOSTAS PARA O DEBATE

nasas fortalezas, que son moitas. Contamos e seguiremos a contar co recoñecemento do pobo ao noso esforzo. Pero para reforzar o Bloque é moi importante que identifiquemos o que temos que corrixir para facer a nosa coexistencia máis alegre e fructifera. Os nosos principios deben seguir sendo os nosos principios. Non é preciso mudalos, pero a nosa práctica ten que mellorar moito. Fagamos que o Bloque siga sendo unha ferramenta útil para a liberación nacional e social do noso pobo e decisiva no acontecer do país. Cómpre facer nesta etapa un Bloque máis permeable e implicado na vida común da xente, que sexa coherente pero menos formal. Un Bloque que, de cara a fora, destaque máis pola súa visión social que pola firmeza dos seus principios nacionalistas, cun perfil nítidamente de esquerda, con valores republicanos e radicalmente democrático, e un BNG que recupere tecido simpatizante ao seu carón e que traballe os camiños que nos leven a recuperar o aprecio da mocidade e das capas populares das cidades. Cómpre por último ter a ferramenta engraxada, é dicir un BNG con cadros preparados para desenvolver papeis cruciais cando os ventos sexan favorables e o país así o requira.

--Hai quen considera que se debe fomentar co noso traballo político e coa nosa praxe a conciencia nacional e a construción do país, tratando de conseguir que a militancia e o tecido simpatizante asuman papeis moito máis dinámicos e abertos á cooperación con outras persoas e grupos na conformación e reforzamento de proxectos, experiencias e iniciativas de autoorganización e fomento da nosa nación.

--Hai quen aposta porque manteñamos a calma precisa pero non desaproveitemos as ocasións de procurar a unidade de acción con todos e todas aqueles que podemos facer camiño xuntos. Evitar os sinais de sectarismo e deixar de sentirse o centro do mundo. Aprender moito máis a compartir e acompañar, a escoitar sen ter que corrixir, a cooperar sen dirixir, a comprender aos outros e facermonos entender. Mudar certas formas tacticistas e hábitos individuais e de grupo que non contribúen en nada a favorecer climas de cooperación política e de apertura da nosa organización a sociedade.

--Hai quen considera que debemos atender ás prioridades do pobo para fundamentar a nosa estratexia política, procurando levar as ideas do nacionalismo de esquerda ao campo das ideas no que paxa a cidadanía que desexa mudar a triste realidade na que vivimos. Que se debe evitar caer no erro de crear unha barreira insalvable entre os principios do nacionalismo e os principios da esquerda, aínda que haxa xente e grupos de esquerda que non se definan como nacionalistas. Se non se fai así, a xente non o entenderá. É preciso lograr un BNG con peso decisivo abondo, que sexa quen de operar no escenario político procurando dar resposta acertada ás dialécticas que se establezan no país, sempre coa vista posta na confluencia e no agrupamento de forzas que permitan artellar alternativas viables e con posibilidades de éxito para ben do noso pobo.

--Hai quen considera que no espazo municipal, ali onde o BNG obtivo representación, debemos manter os lazos de comunicación necesarios coa base eleitoral e coa veciñanza para conseguir fidelizar dito apoio. Os concellos deben seguir sendo unha base fundamental da nosa presenza política no país.

En Nigrán, o 29 de abril de 2016.

Con carácter xeral:

Referencias na acta da asemblea que se recolle no apartado anterior.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Radiografía da Galiza de hoxe

Referencias na acta da asemblea que se recolle no apartado anterior.

Estratexia política do nacionalismo galego

Referencias na acta da asemblea que se recolle no apartado anterior.

Participación política e modelo organizativo

Referencias na acta da asemblea que se recolle no apartado anterior.